



CIRCULAR INFORMATIVA 10/2025

PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓN TRIMESTRAIS DAS ACTUACIÓN DA QUENDA DE OFICIO A TRAVÉS DO PROGRAMA COLABOWEB: OBRIGATORIO A PARTIR DO 01.07.2025

A Xunta de Goberno do ICA Santiago, na sesión do 06.05.2025, tomou o acordo de que a partir do 01.07.2025 as declaracións das actuacións da quenda de oficio **só se poderán presentar a través da aplicación informática Colaboweb**, polo que dende esa data non se aceptarán as presentadas en papel ou por correo electrónico co fin de evitar duplicidades. Como excepción, poderán seguir presentándose como ata agora as declaracións das segundas asistencias.

Formación

Nos próximos días anunciaremos a data dunha formación práctica, que se desenvolverá en liña, sobre o funcionamento do programa Colaboweb (similar á xa feita de forma presencial no colexio o pasado 25 de febreiro).

Así mesmo, achegámosvos unha breve guía sobre o funcionamento deste programa.

Importante e aconsellable

Aconséllase presentar as declaracións tan pronto como se teña recoñecido o beneficio de xustiza gratuíta e se dispoña do xustificante da actuación procesual. Non se deben deixar para o último día do trimestre todas as actuacións.

Cómpre ter en conta que o persoal administrativo do colexio ten que revisar todas as declaracións, comprobar que se achegan os xustificantes das actuacións procesuais, que teñen recoñecido o beneficio de xustiza gratuíta, que non fosen xa xustificadas ou aboadas en trimestres anteriores etc. Por todo isto, se se acumula un número elevado de declaracións presentadas nos últimos días do trimestre, produciranse atrasos considerables nos traballos de elaboración das listaxes xml e das certificacións que hai que enviar á Xunta de Galicia. Unha vez comprobadas, a Dirección Xeral de Xustiza transferirá as cantidades xustificadas e, finalmente, dende o colexio aínda haberá que realizar a repartición por letrados/as e as transferencias correspondentes.